



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do concello

DATA: 14 de xaneiro de 2015

HORA DE COMEZO: 20.10 horas

HORA DE REMATE: 22.15 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación do plan de aforro e investimentos 2015 da Deputación Provincial da Coruña**
- 3. Recoñecemento extraxudicial de facturas 2014**
- 4. Aprobación do PXOM**
- 5. Informe Deputación Provincial sobre contrato de prestación servizo abastecemento**
- 6. Información da alcaldía**

7. Rogos e Preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

O señor Canabal di: “En relación á acta anterior quixera facer dúas puntualizacións, en canto ás respostas proporcionadas ás preguntas que realicei nesta sesión:

- En canto ás preguntas sobre a compra dun RIDER, din que deciden comprar un modelo concreto, mais non din por qué deciden isto.
- En canto ás preguntas sobre o saneamento no Gafo, non existe unha resposta de por que existindo unha certificación da obra sobre a memoria, esta non corresponde coa obra feita en realidade, non sabemos cal foi a colaboración de RAMSA, e non sabemos tampouco porque existe unha diferenza entre as arquetas marcadas no proxecto (15) e as realmente instaladas (9).

O señor alcalde dille que en realidade non comprobou ditas respostas pero que lle dará contestación por escrito.

O señor Barcala di que no punto número 2 (aprobación POS 2015) cando lle pregunta ó alcalde se non lle agradan as obras que se propoñen e responde o señor Barcala que, por exemplo, Oural non ten ningún aglomerado, debe poñer “Ledesma non ten ningún aglomerado”.

Unha vez feitas estas aclaracións por unanimidade apróbase a acta da sesión que tivo lugar o día 26 de novembro de 2014.

2.Aprobación do plan de aforro e investimentos 2015 da Deputación Provincial da Coruña

Con data 27 de novembro de 2014 a deputación provincial aprobou as bases reguladoras ao plan de aforro e investimentos 2015. O referido plan execútase mediante a concesión de préstamos sen xuros coa finalidade de cooperar na redución do endebedamento e minorar os custos de mantemento das infraestruturas.

Ao concello de Boqueixón correspóndelle 194.701,36 €. O concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento como mínimo o importe resultante de aplicar ao préstamo asignado a porcentaxe do seu nivel de endebedamento. O préstamo provincial resultante poderá destinalo a reducir máis débeda ou ben á realización de investimentos financeiramente sostibiles.

A 1 de xaneiro de 2015 o préstamo pendente que ten o concello ascende a 621.350,05 €, e os ingresos correntes netos recadados no exercicio 2013 ascenden a 2.686,020,21 €, polo que o nivel de endebedamento deste concello é do 23,1328 %.

Consecuentemente o importe mínimo que se debe asignar á redución do préstamo actual que ten o concello con ABANCA é de 45.039,88 €

O préstamo que se conceda pola deputación terá as seguintes características:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do 2017 nos meses de xuño e novembro
- Se o concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a deputación poderá aplicar á compensación coas entregas a conta da recadación ou calquera outra cantidade que a deputación teña que aboar ao concello.

Por outro lado, permite o plan de aforro e investimentos asignar, (o importe que non debe destinarse a redución do endebedamento) ó financiamento do investimento financeiramente sostíbles segundo se definen na disposición adicional decimo sexta da Lei reguladora das facendas locais. Por isto e tendo en conta as numerosas peticións veciñais para proceder co arranxo do camiño de cruce de Boqueixón por Maravexás – Santaia e Casal de Suso (Codeso), propónse ó Pleno a aprobación do citado proxecto por un lado e a redución do endebedamento por outro.

O señor Canabal di que calquera persoa, minimamente “racional”, poderá comprender que o punto que se trae a este pleno é un auténtico fraude á democracia, aparte dun engano ao conxunto dos cidadáns.

E non podía vir doutro sitio que desas institucións ás que teño cualificado (e non por ser eu orixinal) de decimonónicas, escuras, non democráticas e que cos gobernos do PP se converten en auténticos “niños de caciques”. Institucións que queiran ou non, déanlle ou non máis competencias, están abocadas á súa desaparición, por seren anacrónicas.

Digo fraude e engano, pois se non hai cartos para regar de chapapote e formigón “o seu mercado dos votos”, pois permítense facer obras a pagar en 10 anos. É dicir, van decidir obras que comprometerán aos tres vindeiros gobernos municipais (2 anos de carencia e 10 de devolución), e fano, sen pestanexar, sen ruborizarse, como se as institucións lles pertenceran por dereito.

Claro, como o escándalo é maiúsculo (fagan obras que xa as pagarán nos vindeiros 10 anos), disfrazan este plan como tamén “de aforro”, tendo que destinarse unha parte á “redución do endebedamento municipal” e á realización de “investimentos financeiramente sostíbles”. E xa neste punto de “investimentos financeiramente sostíbles” cabe calquera cousa, e tamén a contraria.

Deste xeito, en Boqueixón dos 194.701,36 €, dedican:

- 72.369,82 € a reducir a débeda directamente.
- 122.331,54 € van ao investimento, é dicir, a incrementar a débeda (a pagar en 10 anos con dous de carencia).

É pois un xogo de auténticos trileros. Acollémonos a un plan para reducir a débeda (Plan de Aforro e Investimentos disque lle chaman), para á súa vez, incrementar a débeda (+49.961,72 €).

É dicir, os concellos pola lei Montoro, non poden nin contratar persoal para a limpeza viaria, teñen que reducir gastos, teñen que dedicar os remanentes (en caso de telos) a

reducir o monto da débeda, permite que estas institucións antidemocráticas que lle chamamos deputacións, teñan o dereito de pernada para facer o que lle praza.

Explíquenme isto, porque non existe ningún precepto económico lóxico que poida xustificar esta proposta.

E non quero entrar xa na obra escollida, porque isto respoñta máis ben a ocorrencias da alcaldía máis que a unhas prioridades lóxicamente pensadas e deseñadas.

Insisto en que non quero entrar a valorar a obra que propoñen a este plan. Pode ser necesaria, coincido, mais tamén pode haber outras necesidades (só lle deixan gastar os cartos en cemento e chapapote para regar o mercado caciquil – electoral que teñen montado).

Non é ético, estético nin razoable que vostedes hipotequen non só o presente, senón a escasa marxe de manobra coa que contan as administracións municipais, e nin máis nin menos que para os vindeiros 3 mandatos. Deixan hipotecas por todos os sitios polos que pasan: fixérono coa auga, co saneamento, co urbanismo, co tanatorio... vano tentar co SAD, e polo visto, tamén coas obras.

Tería senso, dende o punto de vista municipal aproveitar toda a achega para limitar a débeda, pois Boqueixón aforrará os cartos dos intereses, podendo con estes financiar outras necesidades. Mais aproveitar este plan para incrementar a débeda e hipotecar aos futuros gobernos é, aparte de irracional, raír todas e cada unha das leis que os seus gobernos promulgaron, mais polo que parece, co obxectivo último de manterse no poleiro.

É por iso que anuncio o meu voto negativo a esta proposta ilóxica, antieconómica e irracional.

Deixo anexo o cadro explicativo da obra.

PLAN PEI DEPUTACIÓN - REPARACIÓN CAMIÑO DE CRUCE BOQUEIXÓN POR MARAVEXÁS - SANTAIA – CASALDESUSO

Características: 2.650 m x 4 m ancho + 215 m2 sobrecanchos. 5 cm de aglomerado en quente. Apertura de Gabias

		LONXITU DE	ANCHO	SOBREANCHO	TOTAL M2
		2.650,00	4,00	215,00	10.815,00
UDS	CONCEPTO	UDS	P UNIT	CUANTÍA	
M	APERTURA DE GABIAS	2.650,00	1,95 €	5.167,50 €	
TM	AGLOMERADO EN QUENTE D-12	1.351,88	55,12 €	74.515,63 €	
M	TAXEAS EN FORMIGÓN 4 CM	60,00	43,53 €	2.611,80 €	
UDS	ARQUETAS SUMIDOIROS	2,00	128,06 €	256,12 €	
M3	FORMIGÓN EN PAVIMENTO HM-20	13,50	116,01 €	1.566,14 €	
UDS	XESTIÓN DE RESÍDUOS (10%)	1,00	841,17 €	841,17 €	
	XESTIÓN DE RESÍDUOS				
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL			84.958,35 €	7,86 €
			13,00%	11.044,59 €	1,02 €
			6,00%	5.097,50 €	0,47 €
	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN			101.100,44 €	9,35 €

21,00%	21.231,09 €	1,96 €
ORZAMENTO		
TOTAL	122.331,53 €	11,31 €

O señor Barcala di que a memoria da alcaldía sinala que a vida útil estimada de 10 a 25 anos e pregunta se realmente durará tanto tempo sen deteriorarse. Así mesmo pregunta por qué se esixe unha garantía de 1 ano se a vida útil se estima de 10 a 25 e por qué a vía so ten catro metros de ancho.

Di así mesmo o señor Barcala se está seguro que non terá consecuencias económicas e si se pode garantir que o concello terá solvencia dentro de 10 anos. Pregunta por qué non se destina, polo menos o 50 % á amortización do préstamo. Conclúe o señor Barcala dicindo que se trata dun plan da Deputación Provincial, oportunista e coa finalidade de proceder á execución de obras en época electoral.

O señor alcalde di que se reduce débeda pero tamén é necesario facer as obras de reparación da pista pola que tamén transcorre o transporte escolar. O motivo de que o ancho sexa de 4 metros é que hai zonas onde hai vivendas e polo tanto non pode ampliarse, e por outro lado a pista desde Casal de Suso xa foi ampliada.

Ademais os técnicos son os que redactan o proxecto e eles saben o que fan.

O señor Canabal di que se está a incrementar a débeda e polo tanto isto non ten moito sentido e debería aplicarse, como mínimo o 50 % á cancelación do préstamo.

O señor Barcala pregunta ¿Por qué non se esixe a garantía de 2 anos?

Responde a secretaria - interventora que se esixe a garantía que prevé a lei de contratos das administracións públicas.

Sen máis e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do concelleiro do PS de G e do non adscrito, acórdase:

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
ABANCA	0320-67-738-8	72.369,82
TOTAL		72.369,82

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Rep. Camiño cruce Boqueixón por Maravexas- Santaia- Casal de Suso (Codeso)	122.331,54	-	122.331,54
T O T A L	122.331,54	-	122.331,54

Aprobar o citado proxecto técnico de Reparación do camiño cruce Boqueixón por Maravexas- Santaia- Casal de Suso (Codeso), cun importe total de 122.331,54 €.

B) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	72.369,82
B) Investimentos financeiramente sostibles	122.331,54
TOTAL	194.701,36

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Recoñecemento extraxudicial de facturas 2014

Dáse conta da relación de facturas do ano 2014 que se deben aprobar e aboar con cargo ó presuposto 2015, cuxo importe total ascende a 52.469,51 €.

O señor Canabal di: “Volta o rito anual. Custa xa manter a orixinalidade, posto que por máis que saquemos informes, artigos da lexislación recordándolle que a figura é extraordinaria e excepcional, pois é un acto habitual neste concello.

Comezando pola lexislación básica:

- O propio Consello de Contas de Galicia, ten reflectido no informe de fiscalización a este concello que “o recoñecemento extraxudicial de créditos é reflexo dunha situación de deficiente xestión municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario”.
- Aínda que como é lóxico, esta figura existe e aparece dentro da lexislación referida ás facendas locais, está permitido “excepcionalmente” pola lei como medida de protección dos intereses de terceiros (só faltaría que os provedores non cobraran pola mala xestión do alcalde de turno).
- Mais a súa aplicación, e así está recoñecido na xurisprudencia e nos diversos informes do propio Consello de Contas de Galicia, *“supón unha quebra do propio concepto de orzamento e dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa”*.

Analicemos o grao de “excepcionalidade” no Concello de Boqueixón:

- Dende o ano 2000 o concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente 3.228.480,13 €, o que supón un promedio de 215.232,01 € movidos dun ano para o seguinte.
- Neste pleno traen vostedes 128 facturas sen xustificar (a grande parte delas de consumos enerxéticos) por un importe de 52.469,51 €.
- O grao de excepcionalidade é tal que as facturas son todas de gastos comúns do concello, na súa maioría aos consumos enerxéticos como xa se dixo, mais tamén ao pago da asesoría urbanística, ao mantemento informático, aos calendarios e revistas e a algúns arranxos pequenos.

Desagrego a continuación os recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

REC	
2000	51.086,03 €
2001	210.354,24 €
2002	276.465,57 €
2003	211.948,54 €
2004	471.508,78 €
2005	127.291,12 €
2006	223.040,71 €
2007	196.060,25 €
2008	748.239,16 €

2009	290.082,17 €
2010	131.816,17 €
2011	62.955,19 €
2012	95.765,04 €
2013	79.397,65 €
2014	52.469,51 €
TOTAL	3.228.480,13 €
PROMEDIO	215.232,01 €

Obvio pois recordarlle que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, e que despois do dito nestes anos, fan recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos a sabendas de que é un acto irregular.

Calquera xestor, despois dos datos que acabamos de desagregar, tería sido cesado xa no ano 2000, ou ben por vergoña, tería dimitido antes. Aquí nin unha cousa nin a outra”.

O señor Barcala di que xa o señor Canabal dixo todo o que se debe dicir en relación con este punto e que o problema é todos os anos o mesmo: as facturas do caixón.

Responde o señor alcalde que non son facturas do caixón, senón que son facturas que chegaron este ano.

Responde o señor Canabal que son facturas de gastos para os que non existe consignación presupostaria.

Cos votos a favor do PP e en contra do PS de G e do concelleiro non adscrito acórdase:

1. Aprobar a seguinte relación de facturas pendentes de pago a 31 de decembro de 2014, e proceder co seu aboamento con cargo ó presuposto xeral municipal 2015 e cuxo importe total ascende a **52.469,51 €:**

A) Relación de facturas domiciliadas e xa aboadas a esta data (con cargo ó presuposto 2015)

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
Rexistradas en xaneiro			
1	Compostela Digital, S.L – Mantemento informático mes de decembro 2014		600,00
2	Estudio Técnico Gallego, S.A – Asistencia Técnico Urbanística mes de decembro 2014		1.917,85
		Total	2.517,85

B) Relación de facturas pendentes de aboamento a esta data:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en decembro		

3	Escola de Fútbol Boqueixón – Serv. monitor de Pilates, Zumba e patinaxe mes de decembro		1.360,00
4	Gas Natural Servicios SDG, S.A – Compensación facturas Bombeo de Donas		2.843,81
		Subtotal	4.203,81

5 Listado de facturas de Gas Natural SUR S.D.G, S.A

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
01141011625916	ES0022000007986447JY1P	134,01	Lg. Cachosenande, 9910.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011626812	ES0022000004357716EP1P	113,52	Lg. Vilar, 0001	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011627253	ES0022000004357629HJ1P	27,98	Lg. Ardaris, 0010IG	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011628990	ES0022000007164780FZ1P	519,89	Lg. Forte, 9033 Ctsalud	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011637755	ES0022000004357736TM1P	11,04	Lg. Vilar, 0154ER	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011640660	ES0022000007854283VT1P	144,82	Lg. Lamas, 9004 LOCALS	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011640701	ES0022000008895802JX1P	26,31	Bombeo de Noenlle 9010	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011651928	ES0022000004312931FG1P	72,41	Lg. Lamas, 8004CC	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011652044	ES0022000007274911BK1P	61,41	Lg. Igrexa (A), 9999 PALCO	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011653564	ES0022000008096879FS1P	30,94	Lg. Gastrar, 8010, AREA	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011654063	ES0022000007274859DS1P	51,55	Lg. Santabaia, 9999 LOSOCI	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011656344	ES0022000004313109ZK1P	27,73	Lg. Igrexa (A), 9002 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011660221	ES0022000007320578LX1P	140,23	Lg. Forte, 9000 POLIDE	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011661486	ES0022000008386073TF1P	157,65	Lg. Forte, 0011DU, PCIVIL	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011625341	ES0022000007021144HJ1P	285,06	Lg. Rodiño Pequeno, 9709 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011625428	ES0022000007320544VE1P	51,36	Lg. Senande, 9000 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011626136	ES0022000007249776TW1P	282,29	Lg. Vilar, 9926 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011626400	ES0022000007320551HY1P	92,83	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011626411	ES0022000007320543VK1P	92,48	Lg. Vigo, 9000 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011627657	ES0022000007249640VG1P	77,42	Lg. Quián, 9911 A.Público1	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011628450	ES0022000007320548HA1P	464,26	Lg. Lamas, 6002 A.Público	03/11/2014	01/09/14 a 28/10/14
F-01141011628546	ES0022000007661757HF1P	328,73	Lg. Forte, 9080 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011629157	ES0022000007661637JW1P	134,38	Lg. Forte, 9032 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011630367	ES0022000007376881YD1P	82,47	Lg. Moa, 9001 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011630950	ES0022000007253151PL1P	247,65	Lg. Deseiro de Arriba, 9000 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011632203	ES0022000007372764BD1P	292,53	Lg. Ardilleiro Pequeno, 9921 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011632993	ES0022000008964524BP1P	21,79	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011633303	ES0022000007559623QQ1P	261,40	Lg. Vilar, 9705 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011633383	ES002200000776341DM1P	190,25	Lg. Moa, 9002 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011633653	ES0022000007107339VG1P	92,41	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011634038	ES0022000007320554HD1P	140,80	Lg. Ardaris, 9000 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14

F-01141011634626	ES0022000007019824FG1P	55,27	Lg. Igrexa (A), 0001 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011634845	ES0022000007249674HS1P	76,40	Lg. Orto, 9916 A.Público -	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011634863	ES0022000007021150HL1P	210,85	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011635490	ES0022000007253334QH1P	22,42	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011635768	ES0022000007662959RJ1P	67,91	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	03/11/2014	01/10/14 a 31/10/14
F-01141011635938	ES0022000008622407VQ1P	270,29	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011636364	ES0022000007249771EC1P	456,92	Lg. Picota, 9925 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011636797	ES0022000008622400VD1P	336,25	Lg. Rodiño Pequeño, 9700 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011636832	ES0022000007249794TC1P	155,10	Lg. Igrexa (A), 9927 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011637656	ES0022000007662958RN1P	38,05	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011638225	ES0022000007320549HG1P	190,25	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011639435	ES0022000007249659HT1P	45,51	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011640255	ES0022000007249751ET1P	6,35	Lg. Gastrar, 9921 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011640361	ES0022000007021147HQ1P	117,42	Lg. Pumares, 9707 A.Público2	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011641016	ES0022000008178372PL1P	52,73	Lg. Deseiro de Arriba,9600 A. Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011642713	ES0022000008178424BW1P	117,71	Lg. Pumares, 9010 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011642764	ES0022000008964525BD1P	24,53	Lg. Orto, 9700 - Boqueixón	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011643310	ES0022000007107338VA1P	146,99	Lg. Noenlle, 9795 A. Público1	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011643394	ES0022000004975491HA1P	117,02	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011644323	ES0022000007455163ME1P	168,95	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011645081	ES0022000007320555HX1P	24,88	Lg. Vilar, 9003 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011646039	ES0022000007021267TK1P	159,45	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011646960	ES0022000007021264TH1P	273,97	Lg. Mareque, 9701 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011647164	ES0022000007251849KM1P	57,27	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011647704	ES0022000007249693LB1P	68,14	Lg. Ardilleiro Grande, 9919 - A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011647715	ES0022000007107334QE1P	65,32	Lg. Rubio, 9796 A. Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011647752	ES0022000009030714ZG1P	387,67	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011648845	ES0022000007320582LZ1P	92,24	Lg. Torre, 9000 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011649148	ES0022000007249760ED1P	142,82	Lg. Reboredo, 9923 A. Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011649387	ES0022000007249757EY1P	202,47	Lg. Agra, 9922 A. Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011649746	ES0022000007320556HB1P	274,32	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011650399	ES0022000007251852KP1P	250,34	Lg. Loureda, 8889 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011651887	ES0022000007249688LY1P	103,47	Lg. Outeiro, 9918 ALPU01	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011652544	ES0022000007021265TL1P	124,55	Lg. Cachosenande, 9699 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011653482	ES0022000007107337VW1P	124,93	Lg. Vilar, 9795 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011653849	ES0022000008942577TA1P	477,24	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011654178	ES0022000008177365BR1P	96,70	Lg. Deseiro de Arriba,9130 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14

F-01141011655758	ES0022000008876495WT1P	32,39	Lg. Vilar, 0005 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011656411	ES0022000007373071RV1P	158,18	Lg. Caneda, 9995 A.Público.	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011657721	ES0022000007455154MJ1P	308,76	Lg. Milleirós, 5100 ALPUB3	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011658257	ES0022000007661745VH1P	69,65	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011658395	ES0022000007249678HL1P	57,63	Lg. Agra, 9917 A. Público2	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011659029	ES0022000007249642VY1P	42,60	Lg. Quián, 9912 A.Público2	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011659076	ES0022000007561259HL1P	34,62	Lg. Picota, 0925 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011659711	ES0022000007320546HR1P	308,39	Lg. Lamas, 9001 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 28/10/14
F-01141011659829	ES0022000007019754GA1P	178,84	Lg. Gastrar, 9317 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141011660379	ES0022000007021148HV1P	298,18	Lg. Lestedo, 9707 A.Público1	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011660392	ES0022000007249769EH1P	88,11	Lg. Vilar, 9924 A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011661089	ES0022000007373065RB1P	89,92	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	03/11/2014	29/09/14 a 31/10/14
F-01141011661214	ES0022000007021266TC1P	169,05	Lg. Troitamil, 9698 A.Público	03/11/2014	29/08/14 a 31/10/14
F-01141110016372	ES0022000007249650VZ1P	148,66	Lg. Melón, 9913 A.Público	05/11/2014	29/08/14 a 01/11/14
F-01141110022681	ES0022000007561243HA1P	110,63	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110039654	ES0022000007249633QC1P	510,32	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	16/11/2014	01/09/14 a 01/11/14
F-01141110053484	ES0022000007021268TE1P	277,34	Lg. Gándara, 9700 A.Público	12/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110053557	ES0022000004975490HW1P	26,63	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110054903	ES0022000007566337DZ1P	118,59	Lg. Casal, 9109 - A.Público	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110056625	ES0022000007320580LN1P	165,65	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110081147	ES0022000007249666HF1P	78,66	Lg. Pena, 9915 - A.Público	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110089533	ES0022000004975486VK1P	186,16	Lg. Vilar, 9700 A.Público	05/11/2014	01/09/14 a 01/11/14
F-01141110089587	ES0022000007455157MQ1P	202,72	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110090497	ES0022000007251856KN1P	233,60	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110090557	ES0022000007021143HN1P	160,58	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110093796	ES0022000007019787MJ1P	295,30	Lg. Casalpeguito, 9318 A.Púb.	05/11/2014	29/08/14 a 01/11/14
F-01141110096497	ES0022000007164018CB1P	381,13	Lg. Forte, 9030 A.Público	05/11/2014	01/10/14 a 01/11/14
F-01141110204512	ES0022000007372754XE1P	21,59	Lg. Ardilleiro Grande, 9920 - A.Púb.	05/11/2014	29/08/14 a 01/11/14
F-01141110290421	ES0022000007163985LR1P	20,01	Lg. Forte, 8007 - Boqueixón	08/11/2014	01/09/14 a 01/11/14
	Total	15.034,19			

6 Listado de facturas de Gas Natural Servicios SDG, S.A

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar Suministro</i>	<i>Dat. Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
FE14321159412407	ES0022000008842233FP1P	473,24	Campo de Fútbol, - Forte 9050	04/11/2014	30/09/14 a 31/10/14
FE14321159412410	ES0022000007031520DQ1P	369,11	Lg. Cachosenande, 9604 Polidep.	04/11/2014	30/08/14 a 31/10/14
FE14321159412401	ES0022000007575350XB1P	185,58	Cent. de Saúde, 9164 Vilar - Lestedo	04/11/2014	30/08/14 a 31/10/14
FE14321159459153	ES0022000004975487VE1P	84,10	Alum.Púb.Vilar, 0097 004 - Lestedo.	05/11/2014	30/09/14 a 31/10/14

FE14321159459154	ES0022000007586591QM1P	397,38	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	05/11/2014	30/09/14 a 31/10/14
FE14321160153512	ES0111000009031051HA1P	1.521,09	Bombeo de Donas	14/11/2014	02/10/14 a 01/11/14
FE14321159412402	ES0022000007831162TV1P	557,98	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	04/11/2014	30/09/14 a 31/10/14
FE14321159412405	ES0022000007164583ER1P	1.090,68	Colexo do Forte, 9031. Forte	04/11/2014	30/09/14 a 31/10/14
FE14321159412400	ES0022000004357733TW1P	657,64	Camp.da Festa, 0164 Vilar - Lestedo	04/11/2014	30/08/14 a 31/10/14
FE14321159412403	ES0022000007164015CP1P	1.011,57	Concello/Xulgado do Forte, 9027.	04/11/2014	30/08/14 a 31/10/14
	Total	6.348,37			

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en xaneiro		
7	Aluminios Vedra – Reposición de pechadura de porta completa – local social da Granxa		108,90
8	Servicios y Materiales, S.A – Serv. axuda a domicilio - usuarios de dependencia (decembro)		16.192,33
9	Servicios y Materiales, S.A – Serv. axuda a domicilio – prestación básica (decembro)		1.373,48
10	Dispagal Galicia, S.L – Productos para limpeza de locais		793,81
11	Manuel Botana Granja – repostos varios		54,83
12	Aluminios Vedra – Porta practicable dunha folla para o campo de fútbol		1.027,51
13	Autoeléctrico Sergude, SC – Arranxos varios do camiión do lixo – 7414BSL		23,12
14	Droguería Ferretería El Sol, S.L – Tapa marco fundido		87,99
15	Comercial Sánchez y Torres, S.C – Repostos varios		107,51
16	Artes Gráficas Alonso, S.L – Calendarios e Revistas		2.221,70
		Subtotal	21.991,18

17 Listado de facturas de Chc Energía

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN141200074984	ES0111000009313060CD0F	189,26	Centro Cultural Camporrapado	12/12/14	02/11/14 a 01/12/14
1CSN141200091220	ES0221000001007050AQ0F	438,83	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/12/14	01/11/14 a 31/12/14
1CSN141200091221	ES0221000001007059GW0F	327,64	Lugar da Baiuca, S.N	31/12/14	01/11/14 a 31/12/14
1CSN141200091222	ES0221000001007061GG0F	488,84	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/12/14	01/11/14 a 31/12/14
1CSN141200101873	ES0221000001005034PR0F	142,38	Lugar Vila, S/N Local Social	31/12/14	01/11/14 a 31/12/14
1CSN141200102639	ES0221000001006049YG0F	423,69	Igrexa de Ledesma	31/12/14	01/11/14 a 31/12/14
1CSN141200102640	ES0221000001007055AK0F	363,47	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/12/14	01/11/14 a 31/12/14

TOTAL 2.374,11 €

Total: 52.469,51 €, con cargo á partida

2. Aboalas con cargo ás correspondentes partidas do presuposto xeral municipal 2015

4.Aprobación do PXOM

Nesta sesión comparece o técnico redactor do PXOM coa finalidade de explicar as modificacións efectuadas no documento en cumprimento do informe emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Orde do 15 de decembro de 2014 sobre a aprobación definitiva do PXOM de Boqueixón, e di o seguinte:

“ En primeiro lugar, en relación con certas noticias que saíron na prensa referidas ó financiamento da empresa redactora do PXOM o técnico di:

1. Que a empresa é suficientemente solvente para redactar plans xerais e que de feito, se teñen redactado varios planeamentos.
2. Que a aprobación definitiva corresponde á Xunta de Galicia e de aprobar o plan sen máis trámite, sen esixir modificación algunha, sería a primeira vez.
Sempre é a Xunta de Galicia a que di as modificacións que se deben facer según os seus criterios , e que a veces non teñen por que coincidir cos dos técnicos redactores, pero a última palabra tena a Xunta de Galicia porque é ela quen aproba definitivamente o plan.
3. Que as modificacións son puntuais e nalgún caso anecdóticas, polo que o plan non debe estar tan mal elaborado.
As variacións son moi poucas polo que a orde da Xunta non é tan rigorosa. As modificacións fixéronse nun prazo inferior a un mes (incluídas as datas do nadal) o cal indica a súa escasa relevancia.

No punto 1 do informe faise referencia ós informes sectoriais: **á Dirección Xeral de Aviación Civil**, emiten dous informes, un que foi extemporáneo polo que non se puido incluír. **Estradas**, que tamén foi extemporáneo, pero era favorable polo que non afectou ó documento.

No punto 2, **limita** a expansión de ocupación do territorio, polo que recórtanse certos núcleos.

No punto 3, **en canto ao solo urbano**, as parcelas que se exclúen incorpóranse ó solo urbanizable contiguo. **En canto ó solo urbanizable** SUD 12, incorpórase tanto o convenio coma o informe do Ministerio de Fomento e en canto ao SUD-R1 e R2, de Lestedo a Vilar lindan co ferrocarril e apórtase o informe da redución da liña.

En canto o cálculo da consolidación, di o técnico, que xa se tiña feito en relación coa instrución 4/2011 da CMATI, polo que solo se tivo que incorporar ó documento.

En canto as deficiencias por parroquias o criterio da Xunta para os núcleos rurais, é facer núcleos compactos.

Tamén importa á Xunta a fusión artificial entre núcleos rurais. No núcleo da Susana fíxose a ordenanza para as vivendas do ferrocarril

En canto ó apartado 4, hai que clasificar o rego Foxo como núcleo de protección de augas.

No punto 4, so se tiveron que modificar determinados planos de información.

Por último no punto 5, so adaptamos certos artigos á normativa actual”.

O señor Canabal, en canto ás deficiencias xenéricas, cando di que os crecementos deben ser compactos e que os crecementos en ven forma de polbo non os consideran asentamento rural, pregunta se isto non será un motivo para que a Xunta non aprobe o PXOM.

Responde o técnico que o que pretende en xeral é limitar ese tipo de crecemento, é o seu criterio xenérico. Pero á vez flexible. Tiven xuntanza cos técnicos da Xunta (segue dicindo o técnico) e comprobouse co texto do documento polo que previamente se falou con eles nesa xuntanza.

O señor Barcala pregunta por qué non se fixo antes e así evitábase este problema.

Responde o técnico que non se fixo porque non se dispoñía do informe.

Segue dicindo o señor Barcala en canto á aprobación de cauces, é evidente e sen embargo nunca se fixo.

Responde o técnico que o traballo de campo fíxose no 2000 e expúxose ó público e non se presentaron reclamacións. Denegaron a aprobación do plan, fíxose novamente o traballo de campo, expúxose ó público e tampouco se presentaron reclamacións. Erros pode habelos pero tanto por culpa do equipo redactor como por deixadez dos propietarios.

Cando son as 21.00 h. termina a súa exposición o técnico redactor do PXOM e abandona a sesión plenaria.

A continuación e despois da exposición do técnico o señor Canabal di o seguinte:

A resolución da Secretaría Xeral de Territorio e Infraestruturas sinala entre outros, os seguintes aspectos, cunha consecuente redución nos distintos ámbitos:

- **Necesidade de novos informes e corrección de deficiencias:**
 - o Novo informe da Dirección Xeral de Infraestruturas, Axencia Galega de Infraestruturas.
 - o Novo informe do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña.
 - o Corrixir as cuestións presentadas no informe da Dirección Xeral de Aviación Civil.
 - o Corrixir as deficiencias detectadas polo informe da Dirección Xeral de Estradas, Axencia Galega de Estradas, relativas aos núcleos de A Corna e A Granxola.
- **Redución nos solos Urbanos:**
 - o **De Lestedo:** Ao non reunirse as condicións esixibles para ser clasificados como Urbanos.
 - o **Do Forte:** Ao non reunirse as condicións esixibles para ser clasificados como Urbanos.

- **Redución nos solos Urbanizables:**
 - o **SUD-I2: Chan industrial de A Susana** (Polígono de Santos) ao non cumprirse as disposicións en materia de accesibilidade nin as conexións cos servizos xerais.
 - o **SUD-R1 e SUD-R2: Urbanizables Residenciais en Lestedo** por incluírse nestas franxas de terreo que deben ser clasificadas como solo rústico de protección de infraestruturas.
 - o
- **Redución nos núcleos rurais:**
 - o **Deficiencia Xenérica:** O método empregado para o cálculo da consolidación é inadecuado. Cómpre revisar as delimitacións por observarse consolidación insuficiente.
 - o **O informe da Consellaría destaca a redución de 37 núcleos rurais** que afectan a 11 parroquias de Boqueixón (Agás nos núcleos rurais de Donas, Boqueixón e A Granxa).
 - o As fichas dos núcleos non coinciden coa planimetría en 44 núcleos rurais.

En canto ás explicacións dadas polo técnico, en canto á deficiencia xenérica dos criterios de consolidación dos núcleos rurais, polo dito aquí, aplicouse a instrución 4/2011 da CMATI baseándose como se di na comparación de edificabilidades, e non nas parcelas edificadas e parece, polo manifestado polo técnico redacto, que cambiando o criterio e aplicando a instrución 4/2011, estamos dentro do que marca a Consellaría. Porén, tamén na súa explicación, dixo que a Consellería apoiaba un criterio de delimitación de núcleos nuclear (circular) e non con medres ao longo dos camiños, tal e como se fai en Boqueixón. Neste punto sería interesante saber se aínda así, a Consellería aceptaría este criterio xenérico empregado en forma de polbo, é dicir, núcleos que medran ao longo dos camiños. Por outro lado, en canto á fusión artificial dos núcleos rurais, dos que fala este informe, dicir que existen núcleos, que aínda coas correccións, seguen a estar unidos.

Por iso me gustaría saber a súa percepción sobre estes dous puntos, e se a Consellería poderá aceptar os criterios empregados polo equipo redactor.

Unha vez analizado a orde da Consellería, quixera agradecer as explicacións do técnico redactor, así como a deferencia do Sr. alcalde para chamalo a estar presente tal e como solicitamos o pasado venres.

En canto ao que ten manifestado o técnico sobre solvencia da Empresa, onde xustifica o traballo que ten feito esta en relación aos PXOM que teñen elaborado da provincia da Coruña, quero facer un brevísimoo repaso histórico do PXOM de Boqueixón, que como el mesmo dixo arranxa cos traballos de campo no ano 2001 (14 anos), onde supoño que se responderá á percepción que tanto eu como calquera veciño de Boqueixón pode ter, tanto da empresa que redacta o plan, como do propio equipo de goberno. Neste punto, poderase dar resposta á competencia/incompetencia dos responsables do PXOM.

Adolfo Gacio e Ovidio Rodeiro: Revista Municipal 2004

ACORDO ENTRE CONCELLO E ASOCIACIÓN PARA CONSTRUIR O POLÍGONO DE SERGUDE

O Concello de Boqueixón e a Asociación de Propietarios de Solo Industrial, asinaron o pasado día 2 de febreiro o documento base que permitirá o futuro desenvolvemento do Parque Empresarial de Sergude. Este polígono contará cunha superficie de 550.000 metros cadrados e será preciso un investimento aproximado de nove millóns de euros

para a correcta urbanización do solo e a dotación dos servizos precisos para a implantación das industrias.

Asociación e Concello coincidiron en que a partir de agora o tempo é esencial para conseguir darlle máis valor ás parcelas xa que outros parques empresariais da bisbarra "tamén están en marcha." Ámbalas partes agardan que os traballos para urbanizar o polígono de Boqueixón poidan comezar a finais deste mesmo ano.

Ovidio Rodeiro: Revista Municipal 2005.

O PXOM APROBARASE ANTES DE FINAL DE ANO

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boqueixón (PXOM) poderá ser aprobado definitivamente antes de final deste ano, segundo se desprende dos fortes avances rexistrados na tramitación dos documentos necesarios para darlle validez a este importante documento. O PXOM regula a utilización do solo nos 72 quilómetros cadrados de superficie e os que conta o noso Concello.

Ovidio Rodeiro: Revista Municipal 2005.

A XUNTA DEBERÁ REMITIR O PLAN XERAL DE URBANISMO ANTES DO 20 DE FEBREIRO

O Concello de Boqueixón poderá dispor nos primeiros meses de 2006 do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Unha vez que este documento foi aprobado polo Pleno do Concello, tan só falta o informe final da Xunta de Galicia. Esta administración ten de prazo ata o 20 de febreiro para a remisión do informe, que se agarda sexa favorable, xa que o PXOM de Boqueixón encaixa á perfección na Lei do Solo de Galicia

Ovidio Rodeiro: Entrevista de autobombo na Revista Municipal 2006:

Urbanismo

Unha das facetas que máis se ten desenvolto nestes últimos anos, xa que dende o Concello estamos promovendo un urbanismo controlado e de calidade, que nos permita medrar sen perder a nosa identidade. A redacción e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal - só nos queda agardar a que a Xunta nos de o visto bo- foi un gran avance para Boqueixón, pero quere destacar que isto non sería posible sen que antes non tivéssemos resalto a prestación de servizo básicos para a poboación, como o saneamento, o abastecemento de auga ou a recollida de lixo. Este plan tamén permitirá que Boqueixón conte dentro de moi poucos anos con outros dous polígonos industriais, un en Sergude e outro en Lestedo, coas evidentes vantaxes en canto á creación de riqueza e postos de traballo.

Adolfo Gacio e Ovidio Rodeiro: Revista Municipal 2008

A CONSTRUCCIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SERGUE I PODERÁ COMEZAR ESTE VERÁN

Está previsto que as obras teñan un custe aproximado de case 19 millóns de euros

Ovidio Rodeiro: Revista Municipal 2008.

COMENZA A ELABORACIÓN DUN NOVO PXOM, QUE DEBERÁ ESTAR REMATADO EN 2010

Tras o veto da Xunta ó anterior Plan Xeral de Ordenación Municipal, o Concello veuse na obriga de iniciar de novo os trámites para a aprobación do documento que rexerá o urbanismo no noso concello durante os vindeiros anos. O pleno municipal xa aprobou a contratación da redacción dun novo PXOM ao Estudio Técnico Gallego. Os trámites deberán estar rematados antes de 2010.

Jesús Sanjuás : Revista Municipal 2014.

Xa pasaron catro anos dende que en Boqueixón se empezou a oír falar do Plan Xeral. Catro anos, nos que pasou de mans de uns a outros, sen obter ningún tipo de resposta. Pero por fin, neste ano 2014, despois de moito esforzo, e loitando dende o primeiro día que asumín o cargo como alcalde deste concello, conseguimos que Patrimonio dea luz verde ao proxecto. Actualmente este documento atópase na Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta á espera da aprobación definitiva. Será a primeiros do ano novo cando poidamos ver sobre o papel o informe definitivo.

...o PXOM está pendente de aprobación definitiva, que se espera para primeiros de ano novo.

Isto sen contar, (aínda que non atopei as notas de prensa do Alcalde correspondentes ao ano 2003) cando dicía algo así como: “Boqueixón será o primeiro concello de Galicia en ter un PXOM adaptado á Lei”.

Insisto, eu creo que cos titulares, sacados todos eles das Revistas Municipais que empregan para o seu autobombo, e para os seus xogos de ilusionismo, quedan perfectamente definidos.

O señor Barcala di que: “Na revista do concello de Boqueixón, ben, quizais máis ben debería dicir do PP de Boqueixón, posto que o contrario do que acontece noutros concellos da comarca, nesta revista non teñen participación ningunha os partidos da oposición desde a súa primeira edición ata a última, vemos que se publica un informe, do mes de maio, da Consellería de Medio Ambiente favorable a aprobación do PXOM de Boqueixón. Tamén se fala que para primeiros de ano novo, contarase coa aprobación definitiva por parte da Dirección Xeral de Urbanismo.

Esta revista do mes de decembro do 2014, na que se ilustra a súa portada coa fotografía dun carro no medio de alpacas de palla, sen vacas nin bois, ven a escenificar a situación do equipo de goberno do noso concello. Estamos sen transmisión e sen dirección. E o que é aínda peor, as vacas vendémolas por preñadas sen levalas o boi. Isto é xustamente o que vostedes quixeron facer co PXOM de Boqueixón”.

Neste intre, a secretaria – interventora pregúntalle se quere que se faga constar isto na acta e respóndelle o señor Barcala, que si.

Segue dicindo o señor Barcala que: “Teñen vostedes un carro cargado de emendas o PXOM, e pretenden vostedes que llo aproben, en dous meses. Levan vostedes 3 lexislaturas completas gobernando con maioría absoluta e en 12 anos non deron feito un PXOM, que fose aprobado pola Xunta sendo por enriba do seu mesmo partido. Teño que dicir que son vostedes uns incompetentes, por non dicir outras cousas máis graves que se me veñen á mente.

No último informe recibido da consellería fai mención a numerosas deficiencias, sobre todo ás expansións de núcleo como a de Castro en Oural, O Mato en Rebordaos – Oural, Pumares en Sergude, A Corna en Pousada, esta última nomeada en todos os plans urbanísticos feitos polo concello, como anomalía importante e xamais corrixida. Inclúense terreos urbanizables en lugares que son de protección de cauce de augas como A Gándara e Loureda. Únense núcleos rurais separados formando un núcleo común coma en Ledesma, por non falar dos accesos os terreos industriais de Sergude, etc.

¿Poderemos saber algún día cantos plans urbanísticos nos quedan por facer e sobre todo cantos cartos nos vai custar os veciños de Boqueixón ata que se aprobe o PXOM definitivo?”

O señor alcalde di que non entendeu nada do que dixo o señor Barcala, pero reitera que o PXOM será aprobado a principios deste ano. O primeiro paso xa está dado.

O señor Canabal, expón unha cuestión de orden para dicir que o contido da exposición se faga constar en acta e pode gustar ou non, pero é unha falta de respecto rirse dun compañeiro que está falando.

O señor alcalde dille ó señor Barcala que xa lle rematou a rolda de palabra e o señor Barcala di que mentres el estivo falando a concelleira señora García Fraga estivo ríndose do que el dicía.

Responde dona Raquel García que o que el dixo parécelle unha vulgaridade.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención do representante do PS de G e do concelleiro non adscrito, polo tanto por maioría absoluta do número legal de membros da corporación e en base os seguintes antecedentes:

1.-Con data do 25/9/2014, no Pleno ordinario do concello de Boqueixón, co voto favorable da maioría absoluta, do número legal de membros da corporación, aprobouse provisionalmente o contido do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, en base ao disposto no artigo 85.7 da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e remitilo, xunto co expediente completo debidamente dilixenciado, ó órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva.

2.-Con data do 26/09/2014, con rexistro de saída do concello de Boqueixón, nº.: 14/874, remítese á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o contido completo do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado provisionalmente, para a súa aprobación definitiva, conforme ao disposto no artigo 85.7 da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.-O documento completo para a súa aprobación definitiva, tivo entrada no rexistro Xeral da Xunta de Galicia, o día 26/09/2014, con rexistro núm.: 140614 / RX 1094851.

4.- Con data do 15 de decembro de 2014, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ditou a “Orde do 15 de decembro de 2014, sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón (A Coruña)”, coa seguinte Resolución:

- Non outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón.
- O Concello deberá redactar os documentos modificados precisos para emendar as deficiencias sinaladas neste Orde, e os elevará, logo dos trámites oportunos, ante esta Consellería para a súa aprobación definitiva.

As deficiencias sinaladas nesta Orde, basicamente son as seguintes:

CONSIDERACIÓNS RESPECTO AOS INFORMES SECTORIAIS

Con relación ao informe da “Dirección Xeral de Aviación Civil”, de data do 30/12/2012, deberánse cumprir as seguintes cuestións:

- *Eliminar o apartado “3. AEROPORTO” do artigo 3.6.7. Sistema Xeral Aeroportuario da Normativa.*
- *Nos artigos 9.2.9 e 11.1.5 da Normativa, non se inclúen as modificacións esixidas (eximen ao titular do aeroporto dos custes das obras requiridas).*
- *Asemade deberánse facer as correccións (do primeiro e terceiro parágrafo do apartado “2. SERVIDUMES AERONÁUTICAS”), (do segundo punto apartado “4. ÁREA DE RESERVA PARA O TRANSPORTE AERONÁUTICO) do artigo 3.6.7 e do artigo 11.1.5 (debe incluír: “cando se presenten estudos aeronáuticos ou de apantallamento que acrediten”) da Normativa.*

Con relación ao informe da Dirección Xeral de Estradas, deberánse cumprir as condicións respecto dos núcleos da Corna (02.06), e A Granxola (11.01).

CONSIDERACIÓNS RESPECTO O MODELO TERRITORIAL E ESTRUCTURA XERAL

Deberá limitarse a expansión de ocupación do territorio, na procura dun sistema de asentamentos máis eficiente, evitando o crecemento ao longo das estradas, e das áreas periféricas vacantes de solo de núcleo común, sen xustificar as expectativas de crecemento.

CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO URBANO

Solo urbano de Lestedo: non reúnen as condicións esixibles como solo urbano, os terreos sen edificacións e servizos urbanísticos cualificados coa ordenanza 3, e situados no Sur de Lestedo e ao Norte de Pazos.

Solo urbano do Forte: os terreos cualificados coa ordenanza 3, situados ao norte e oeste do equipamento DPX-1, non teñen servizos urbanísticos, polo que non poden ser urbanos.

Solo urbano non consolidado: no P-L-03, existe unha incongruencia no dato da altura fixada na ficha (2,5), e o plano (2 andares en todo o ámbito).

CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO URBANIZABLE

SUD-I2: deberá existir un acordo de execución polo sistema de compensación por parte dos propietarios dentro do 1º quinquenio; e deberá existir compromiso sobre os custes de conservación da urbanización.

Conforme a ordenación detallada, deberánse modificar os seguintes aspectos:

- *Deberase garantir a conexión do ámbito coa rede viaria pública, en condicións adecuadas ao uso industrial previsto*
- *Deberá haber un informe do Ministerio de Fomento, canto o túnel baixo a infraestrutura ferroviaria.*
- *Deberanse cumprir as disposicións en materia de accesibilidade da Orde VIV/561/2010, no tocante ás dimensións das beirarrúas, e as pendentes destas.*

As delimitacións dos SUD-R1 e R2, non son axeitadas, ao incluírse unhas franxas de terreo que deben ser clasificadas como solo rústico de protección de infraestruturas.

CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

O método empregado para o cálculo da consolidación é inadecuado, por basearse na comparación de edificabilidades, e non nas parcelas edificadas, polo que compre revisar as delimitacións nas seguintes parroquias e núcleos:

- Parroquia de Codeso (Santaia): en Ardesende (02.01) a delimitación do núcleo común invade o solo rústico de protección de augas. Na Raíña (02.09), e na Pichina (02.08), prodúcese un crecemento impropio, ocupando terreos vacantes sen xustificada necesidade. O núcleo da Granxola (02.06), presenta unha delimitación forzada.
- Parroquia de Gastrar (Santa Mariña): Nos núcleos comúns de Casalpegito (04.01) e Reguengo (04.04), as naves teñen máis de 250 m² construídos (permitidos pola ordenanza de núcleo rural común), polo que non se deben ter en conta para o cálculo da consolidación. Nos núcleos de Vilaboa (04.06), e Xiadás (04.07), prodúcese un crecemento inapropiado ao longo da estrada, ocupando terreos vacantes de edificacións, polo que se produce unha delimitación forzada destes, co obxecto de englobar outras parcelas edificadas.
- Parroquia de A Granxa (San Lourenzo): Ardilleiro Grande (05.01), presenta unha delimitación forzada por un asentamento polinuclear.
- Parroquia de Lamas (Santa María): Presenta crecementos impropios, ocupando terreos vacantes, e sen xustificada necesidade de crecemento nos núcleos de O Burgo (06.01) e Senande (06.09). No Outeiro (06.08) cunha delimitación forzada, ocúpense asemade terreos vacantes. En Costiña (06.03), preséntase unha delimitación forzada cara o norte, e un crecemento impropio, ocupando terreos vacantes, cara o sur.
- Parroquia de Ledesma (San Salvador): No núcleo de Ledesma (07.02), non se xustifica a ocupación de terreos vacantes, e en Vilar (07.07), presenta unha delimitación forzada cara o norte. A delimitación proposta provoca a fusión entre os núcleos de A Baiuca (07.01), Ledesma (07.02), A Ponte (07.05), e O Monte (07.03), desvirtuando o concepto orixinario deste núcleos.
- Parroquia de Lestedo (Santa María): Nos núcleos de Milleirós (08.05), e Pazos (08.06), ocúpense terreos vacantes na periferia. Troitomil (08.10), presenta unha delimitación forzada.
- Parroquia de Loureda (San Pedro): No núcleo de A Pena (09.09), a delimitación inclúe dúas parcelas non edificadas (unha no propio rego de Quintás), que deben ser clasificadas como solo rústico de protección de augas.
- Parroquia de Oural (Santa María): Castro de Arriba (10.03), crece de xeito inapropiado ao ocupar terreos vacantes. O Mato (10.08), presenta unha delimitación forzada.
- Parroquia de Pousada (San Lourenzo): A Corna (11.01), deberá cumprir as condicións fixadas no informe da Dirección Xeral de Estradas, e non xustifica o crecemento ao sur da estrada AC-960. Loureiro (11.05); O Pumariño (11.08); e Pedrouzo (11.09), presentan unha delimitación forzada con crecementos impropios, ocupando terreos vacantes.
- Parroquia de Sergude (San Verísimo): O Pontillón (12.06), e Os Pumares (12.09), presentan crecementos impropios sobre terreos vacantes, Na Susana (12.13), non se xustifica a clasificación como núcleo rural común dos ámbitos que están ao sur do núcleo. A ordenanza deberá incluír as características tipolóxicas do núcleo. En Lamas (12.05), inclúense cunha delimitación forzada, terreos libres de edificación. En A Eirexe (12.03), e A Gándara (12.04),

prodúcese unha delimitación forzada na que non se xustifica a inclusión como núcleo rural dos terreos que invaden a zona de policía do río, e que debe clasificarse como solo rústico de protección de augas. Deseiro de Abaixo (12.01), e A Gándara (12.04), fan un continuo de baixa densidade que desvirtúa o concepto de núcleo, e ocúpanse terreos rústicos en dirección ao rego Sáramo, sen xustificación da necesidade.

- *Parroquia de Sucira (Santa Mariña): o núcleo de Sucira (13.03), presenta unha delimitación forzada.*
- *Parroquia de Vigo (Santa Baia): Castenda (14.02), presenta unha delimitación forzada cara o sur.*

-

CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO RÚSTICO

- *Solo rústico de protección das augas: deberán clasificarse como solo rústico de protección de augas, os terreos do tramo superior do rego do foxo.*
- *Solo rústico de protección de infraestruturas: este solo estará constituído pola zonas de afección non susceptibles de transformación, como límite a liña de edificación.*

No tocante á infraestruturas ferroviaria, en Os Pumares (12.09), hai unha parcela sen edificar, que debe ser solo rústico de protección nunha franxa de 50 metros, e non núcleo.

A franxa de solo rústico de protección de infraestruturas non alcanza os 50 metros esixibles nos seguintes urbanizables (aínda no urbanizados) SUD-I2 en A Susana, SUD-R1 e SUD-R2 en Lestedo.

CUESTIÓNS DE ÍNDOLE DOCUMENTAL

- *Nos planos de información I-20 e I-20a, estado actual, aparece reflectida a urbanización dun polígono no SUD-I1, que na actualidade é monte. Existen varias discordancias nas fichas de algúns núcleos aportadas como estudo do medio rural, e que deben corrixirse.*
- *Nos núcleos de Ardilleiro Grande (05.01), Ardilleiro Pequeno (05.02), Reboredo (05.04), ou A Eirexe (12.03), as ortofotos non están axustadas á realidade física do medio. Hai discordancias entre os datos aportados nos planos de información e os recollidos na Memoria respecto da evolución da poboación nos diversos núcleos.*

NORMATIVA

-Solo urbano: Deberanse corrixir os artigos 8.2.2, 8.3.2, 8.4.1 e 8.7.1, en canto ás aliñacións, que será fixadas polo Plan. Deberase corrixir o art. 8.5.1. Ordenanza de residencial unifamiliar adosada, que non pode ser de tipoloxía unifamiliar illada ou pareada (hai outra ordenanza para elas). Debe ser acaroadada. A ordenanza Zona 5ª, no art. 8.6.1, di “residencial unifamiliar adosada” e remite ás ordenanzas do solo industrial e comercial recollidas no Plan Parcial do SAUI-1.

- *Solo rústico de protección de augas: débese corrixir o art. 11.3.5, en virtude do informe sectorial de Augas de Galicia, e recoller a Lei vixente (R.D.-L 1/2001)*

5.-*O novo documento do PXOM (modificado, e que incorpora as deficiencias sinaladas na Orde do 15 de decembro de 2014, sobre a aprobación definitiva do Plan*

Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón, ditada pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas), tivo entrada neste concello, con data do 8 de xaneiro de 2015.

6.-Con data do 8 de xaneiro de 2015, por Isidro López Yáñez, arquitecto do equipo redactor do PXOM de Boqueixón, emítese un informe técnico, con relación aos cambios introducidos no novo documento (si son substanciais ou non), con respecto do que se aprobou provisionalmente con data do 25/9/2014, e que literalmente di:

“A requirimento da Alcaldía de Boqueixón realízase o presente informe coa finalidade de aclarar se o documento que se presenta para tramitación introduce cambios substanciais ou non con respecto do que se aprobou anteriormente.

Segundo se detalla na memoria do PXOM, as modificacións introducidas con posterioridade á aprobación provisional do 25 de setembro de 2014 son consecuencia exclusiva das observacións da Orde da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas do 15 de decembro de 2014.

Todos estes cambios poden considerarse suficientemente xustificadas, ben no cumprimento de informes ou resolucións vinculantes da Administración Autonómica, ou na corrección de erros ou deficiencias materiais, e en calquera caso recóllense nun documento completo de PXOM.

Segundo o expresado no artigo 85.6 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, “No caso de que pretendan introducirse, no momento da aprobación provisional polo pleno municipal, modificacións que signifiquen un troco substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrírase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordo do pleno municipal e da remisión da documentación oportuna á consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva.

Os criterios de clasificación e cualificación atópanse expresados nos puntos 1.7, 3.2.1., 3.2.2., 3.2.3. e 3.2.4. da memoria do documento aprobado inicialmente. Analizado o documento que se presenta novamente para tramitación pódese comprobar como ditos criterios non sufriron variación.

A estrutura xeral e orgánica do territorio atópase definida no punto 3.1. da memoria do documento aprobado provisionalmente. Analizado o documento que se presenta novamente para tramitación pódese comprobar que a definición que desta se fai non sufriu variación con respecto ós anteriores.

Por outra banda, esta estrutura xeral e orgánica do territorio tamén se representa no plano C.00 do tomo 3 do PXOM. Analizado o documento aprobado provisionalmente e o que agora se entrega para a súa tramitación, pódese comprobar que, salvo variacións non significativas, as determinacións do plano son sensiblemente as mesmas.

Polo que respecta á cuantificación das modificacións compre indicar que as variacións na clasificación do solo non resultan significativas:

- A clasificación do solo urbano diminuíu un 2,09%
- A clasificación do solo de núcleo rural diminuíu un 5,30%
- A clasificación de solo urbanizable aumentou un 2,12%

Tendo en conta que as modificacións introducidas no documento derivan exclusivamente do cumprimento de informes ou resolucións vinculantes da Administración Autonómica, ou na corrección de erros ou deficiencias materiais, pódese concluír que estas non supoñen variación substancial do documento que se está a tramitar.”

7.- Con data do 9 de xaneiro de 2015, emítase o correspondente informe xurídico”,

ACÓRDASE:

1º.- Aprobar as modificacións das deficiencias, sinaladas pola Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na Orde do 15 de decembro de 2014, e incorporadas ao novo documento do PXOM.

2º.- Aprobar de novo, PROVISIONALMENTE, o contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón, que incorpora as modificacións efectuadas (aprobadas anteriormente), en base ao disposto na Orde do 15 de decembro de 2014, ditada pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e en base ao disposto no artigo 85.7 da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

3º.- Remitir de novo, debidamente dilixenciados, tódolos documentos precisos, ó órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva.”

5.Informe Deputación Provincial sobre contrato de prestación servizo abastecemento

Dáse conta do informe da Deputación Provincial solicitado polo concello en relación coa proposta de modificación das condicións para continuar prestando o servizo pola concesionaria Espina&Delfin.

Informe que nas súas conclusións finais di o seguinte:

“ **Primeira.-** Esta Asesoría Xurídica entende que de conformidade coa normativa europea, e con independencia do momento de adxudicación do contrato, calquera modificación substancial do contrato debe supoñer a resolución do contrato adxudicado e a licitación dun novo .

Segunda.- No caso da modificación do prazo de duración do contrato do que se trata con ela é axustar á normativa legal de aplicación o prazo de duración máximo do contrato que nos supostos nos que só comprendan a explotación do servizo – como é o caso nos ocupa- non pode exceder dos 25 anos, prórrogas incluídas (artigo 159.b do TRLCAP), polo que esta asesoría xurídica entende que non hai inconveniente legal para a súa adopción.

Terceira.-Polo que se refire á modificación pola que a concesionaria se faga cargo dos custos da enerxía eléctrica da estación de bombeo de Donas e da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Orto sinalar que salvo que da oferta presentada se desprenda o contrario, a concesionaria debería haberse feito cargo desde o

momento da adxudicación dos gastos que nos ocupan, se ben o criterio seguido ata o momento presente polo concello – sen que consten informes negativos da intervención xeral- foi o de considerar que tales gastos deberían correr pola súa conta, polo que a modificación actual suporía unha economía para as arcas municipais, sempre e cando esta asunción non leve consigo a eliminación do canon que a adxudicataria ten que aboar ó concello.

Se efectivamente se producira esa contrapartida –eliminación do canon que ata a data percibe o concello- esta Asesoría Xurídica entende que **se trataría dunha modificación substancial do contrato** e, por conseguinte, debería tramitarse o expediente de resolución do contrato e unha nova adxudicación na que se debería deixar claramente recollido nos seus pregos quen deberá facer fronte a tales gastos.

Cuarta.- Finalmente e en relación coa modificación relativa a que os ingresos que se xeren polo abastecemento de auga ós termos municipais de Santiago de Compostela, Vila de Cruces, Vedra, a calquera outro limítrofe que previa autorización do concello se poida incorporar e o aeroporto de Santiago de Compostela (caso de chegar a producirse) pasen a formar parte da retribución da concesionaria ata a total amortización das obras realizadas e, unha vez amortizadas, os futuros ingresos previa a dedución dos custos de produción e explotación reverterán ó concello indicar que, ó non remitirse copia dos convenios subscritos para formalizar esta prestación, esta Asesoría Xurídica entende que, novamente, **estamos en presenza dunha modificación substancial do contrato** e, por conseguinte, debería tramitarse o expediente de resolución do contrato e unha nova adxudicación do contrato.”

Di o señor alcalde que haberá que falar coa empresa.

Tanto o señor Barcala como o señor Canabal din que é un informe bastante complicado, e non está nada claro, según o señor Barcala.

O señor Canabal di tamén que no 2012 adoptouse un acordo no senso de resolver o contrato.

Do citado informe queda enterada a corporación, téndose que estudar as medidas a adoptar en relación co referido contrato de acordo coa lexislación vixente, e mellor prestación do servizo.

6. Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o 25/11/2014 ata o 9/1/2015, do que se dan por informados.

7. Rogos e Preguntas.

O señor Canabal fai as seguintes PREGUNTAS

1. Sobre a limpeza de Espazos públicos e o uso do RIDER.

- Quen realiza agora o mantemento das estradas, limpeza de cunetas e limpeza de espazos públicos?
- Cómo se ten pensado facelo a partires de agora?
- É verdade que o concello vai deixar de limpar os adros das igrexas?
- En relación á resposta anterior, cales son as parroquias que se limpan as igrexas, e cales non?
- Cales foron no seu día os criterios empregados para limpar certos adros das igrexas parroquiais e certos non?

Responde o señor alcalde que: “de momento non o teño decidido, pero sí se limparán, xa sexa mediante traballadores contratados con subvención ou sen subvención.

En canto á limpeza dos adros das igrexas, é posible que se deixen de limpar. Xa nalgúns casos fano as asociacións: como é o caso de Codeso, Sergude, Ponteledesma e Pousada. Nas outras parroquias estao facendo o concello.

2. Sobre o reparto das revistas e almanaques municipais.

- Quen fixo o reparto das revistas municipais?
- Porque non chegaron as revistas e almanaques a todas as casas do Concello?
- Concretamente, quen fixo o reparto en Lestedo?

Responde o señor alcalde que o reparto fixérono os concelleiros de cada parroquia.

En Lestedo déuselles o reparto das revistas á asociación de veciños.

Non sei porqué non chegaron a todas as casas.

3. Sobre un xuízo por un sinistro cunha tapa dun sumidoiro nunha pista municipal.

- Cal foi a resolución do xuízo celebrado esta semana?
- Quen é o responsable nestes casos? O concello ou a empresa concesionaria do saneamento?

Responde o señor alcalde que o xuízo foi o día 13 deste mes, pero de momento non temos a sentenza.

En canto ao responsable, teremos que ver se a sentenza di que é responsable o concello ou non.

No caso de resultar o concello teremos que ver se foi por fallo no mantemento do servizo, en cuxo caso correspondería a empresa.

4. Sobre o custo do Plan Xeral.

- Canto se leva gastado dende o ano 2000 ?
- Aproveitando a cuestión, cal é a relación dos pagos á empresa redactora do Plan, Estudio Técnico Gallego, dende este ano 2000 ?

Con data 17/01/2015, previa petición de documentación para a súas consultas fáiselle entrega ao señor Canabal dun listado dos pagos efectuados a ETG, entre os cales se reflicte o pago polo Plan Xeral Municipal redactado.

O señor Barcala fai as seguintes PREGUNTAS:

1.- Na comisión de goberno de decembro de 2014 aparecía a aprobación entre outras unha factura por un importe de 3.649,30 € correspondente o formigón de beirarrúas na Corna, da empresa Marbe Hispania. A factura é a número 16.

¿Pódeme dicir vostede en qué se empregou e onde se botou este formigón, porque as beirarrúas da Corna fixéronse cunha subvención da Deputación correspondente ao Plan Pos 2014?

Responde o señor alcalde que, despois do correspondente retranqueo do bordo quedou unha marxe de aproximadamente 50 cm. entre o aglomerado da estrada e o bordo que foi preciso pavimentar con formigón, non podendo ser costeada esta obra pola empresa adxudicataria, por non constar no proxecto presentado.

2.- Obra de Noente (Ledesma). ¿Cómo se pode encher unha carballeira de cemento?, ¿de quen foi esa magnífica idea?, ¿cortouse algún carballo, para facer esa obra?, ¿con qué obxectivo se fixo e cantos foron os veciños peticionarios se é que os hai e cantos se van a beneficiar desta obra?. ¿Fíxose a correspondente petición a Consellería de Medio Ambiente para facer esta obra e cortar os carballos?. ¿É de titularidade municipal, o terreo onde se fixo a obra?.

Responde o señor alcalde que a idea foi dos veciños.

Só se cortou un carballo que estaba seco e ameazaba con caer, e que cortaron os propios veciños.

O local social de Noente está inscrito no inventario municipal

3.- ¿A qué se debe o aumento de persoas que se veñen censando nos últimos meses no concello?. Algunhas, que sabemos que teñen parentesco con membros da corporación e que moi probablemente se censan só para votar nas vindeiras eleccións municipais, sen vivir no noso concello o resto da lexislatura.

Responde o señor alcalde que: “Iso debería preguntarllo a eles”.

O concelleiro Mouriño Varela, pregunta se iso é delito.

Responde o señor Canabal, que podería ser.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde